

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE INCLUSIÓN, SEGURIDADE SOCIAL E MIGRACIÓNS

11048 *Orde ISM/707/2021, do 24 de xuño, pola que se ditan normas para a aplicación das medidas de seguridade social previstas na Lei 17/2015, do 9 de xullo, do Sistema nacional de protección civil, nas zonas afectadas gravemente por unha emerxencia de protección civil como consecuencia da borrasca «Filomena».*

O Acordo do Consello de Ministros do 19 xaneiro de 2021, polo que se declararon como zonas afectadas gravemente por unha emerxencia de protección civil as comunidades autónomas de Andalucía, Aragón, Castilla y León, Castilla-La Mancha, La Rioja, Madrid e Principado de Asturias, así como a Comunidade Foral de Navarra, en atención aos danos sufridos pola tormenta de neve xerada pola borrasca «Filomena» e a posterior onda de frío, habilita no seu punto décimo o ministro de Inclusión, Seguridade Social e Migracións para que, de conformidade co previsto no punto 2 da disposición derradeira segunda da Lei 17/2015, do 9 de xullo, do Sistema nacional de protección civil, poida desenvolver as medidas de seguridade social previstas no artigo 24.2.b) da dita lei.

Posteriormente, o Real decreto lei 10/2021, do 18 de maio, polo que se adoptan medidas urxentes para paliar os danos causados pola borrasca «Filomena», estendeu, no seu artigo 1.1, a declaración como zonas afectadas gravemente pola dita emerxencia de protección civil ás comunidades autónomas de Canarias, Cantabria, Cataluña, Comunidade Valenciana e Rexión de Murcia, remitíndose no seu artigo 5.4, en canto á aplicación das medidas de seguridade social, ao disposto no artigo 24.2.b) da Lei 17/2015, do 9 de xullo, e no punto décimo do referido Acordo do Consello de Ministros do 19 xaneiro de 2021.

De acordo co citado artigo 24.2.b), a Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderá exonerar as empresas do aboamento das cotas da Seguridade Social e por conceptos de recadación conxunta nos casos de suspensión de contratos de traballo ou de redución temporal da xornada de traballo que teñan a súa causa directa na emerxencia declarada, que terán a consideración de provenientes dunha situación de forza maior a que se refire o artigo 47 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, manténdose a condición do período de suspensión ou redución como efectivamente cotizado polo traballador.

O dito artigo tamén recolle a posibilidade de que as empresas e os traballadores por conta propia incluídos en calquera réxime da Seguridade Social soliciten e obteñan, logo de xustificación dos danos sufridos, unha moratoria de ata un ano sen xuros no pagamento das cotizacións á Seguridade Social e por conceptos de recadación conxunta correspondentes a tres meses naturais consecutivos, contados desde o anterior á produción do sinistro ou, no caso de traballadores incluídos no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, desde o mes en que aquel se produciu.

Finalmente, o artigo 24.2.b) da Lei 17/2015, do 9 de xullo, establece que os cotizantes á Seguridade Social que teñan dereito aos anteriores beneficios e satisfixesen as cotas correspondentes á exención ou á moratoria de que se trate poderán pedir a devolución das cantidades ingresadas, incluídos, se é o caso, os xuros de demora, as recargas e custas correspondentes, nos termos legalmente previstos, sen prexuízo de prever que, se o que ten dereito á devolución é debedor á Seguridade Social por cotas correspondentes a outros períodos, o crédito pola devolución será aplicado ao pagamento de débedas pendentes con aquela na forma que legalmente proceda.

Co obxecto de asegurar a efectiva aplicación das ditas medidas, así como para unificar criterios na súa posta en práctica, faise necesario ditar as oportunas normas respecto diso, finalidade a que responde esta orde, que se adecua aos principios de boa regulación

establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así, é respectuosa cos principios de necesidade, eficacia e proporcionalidade, debido a que a súa regulación resulta xustificada e o seu alcance é o imprescindible para a consecución do obxectivo perseguido, que non é outro que ditar as normas necesarias para poder asegurar a efectiva aplicación das medidas de seguridade social previstas no artigo 24.2.b) da Lei 17/2015, do 9 de xullo, nas comunidades autónomas declaradas como zonas afectadas gravemente por unha emerxencia de protección civil polos efectos da borrasca «Filomena».

En cumprimento do principio de seguridade xurídica, a regulación desta orde resulta coherente co resto do ordenamento xurídico, nacional e da Unión Europea, e xera un marco normativo estable, predicible, integrado, claro e de certeza, que facilita o seu coñecemento e comprensión.

En aplicación do principio de transparencia, o obxectivo da orde defínese e xustifícase neste preámbulo e o seu texto someteuse ao trámite de información pública mediante a súa publicación no portal web do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións entre os días 8 e 20 de abril de 2021. Finalmente, a orde axústase ao principio de eficiencia debido a que a súa regulación non impón a empresas e traballadores máis cargas administrativas que as necesarias para obter os beneficios na cotización regulados nela, conforme o previsto legalmente.

A orde adecúase plenamente á orde constitucional de distribución de competencias, en concreto, á competencia exclusiva atribuída ao Estado en materia de réxime económico da Seguridade Social polo artigo 149.1.17.^a da Constitución española.

Esta orde dítase en uso das atribucións conferidas no punto 2 da disposición derradeira segunda da Lei 17/2015, do 9 de xullo, e de conformidade, así mesmo, co previsto no punto décimo do Acordo do Consello de Ministros do 19 de xaneiro de 2021 e na disposición derradeira segunda do Real decreto lei 10/2021, do 18 de maio.

Na súa virtude, coa aprobación previa do ministro de Política Territorial e Función Pública, e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

As medidas contidas nesta orde serán de aplicación nas seguintes comunidades autónomas:

a) Andalucía, Aragón, Castilla-La Mancha, Castilla y León, La Rioja, Madrid, Navarra e Principado de Asturias, declaradas como zonas afectadas gravemente por unha emerxencia de protección civil no punto primeiro do Acordo do Consello de Ministros do 19 de xaneiro de 2021, en atención aos danos sufridos pola tormenta de neve xerada pola borrasca «Filomena».

b) Canarias, Cantabria, Cataluña, Comunidade Valenciana e Rexión de Murcia, respecto das cales se estendeu a declaración como zonas afectadas gravemente pola devandita emerxencia de protección civil e a aplicación das medidas recollidas no citado acordo do 19 de xaneiro de 2021 polo artigo 1.1 do Real decreto lei 10/2021, do 18 de maio, polo que se adoptan medidas urxentes para paliar os danos causados pola borrasca «Filomena».

Artigo 2. *Exención no pagamento de cotas.*

1. A exención no pagamento de cotas prevista no artigo 24.2.b) da Lei 17/2015, do 9 de xullo, do Sistema nacional de protección civil, cuxa aplicación se recolle no punto décimo do Acordo do Consello de Ministros do 19 de xaneiro de 2021 respecto das comunidades autónomas declaradas como zonas afectadas gravemente por unha emerxencia de protección civil como consecuencia da borrasca «Filomena», e cuxa concesión corresponde á Tesouraría Xeral da Seguridade Social, alcanzará o cen por cento das achegas empresariais á cotización á Seguridade Social e polos conceptos de

recadación conxunta coas cotas da seguridade social, a que se refire o artigo 273.2 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro.

A exención aplicarase mentres dure o período de suspensión do contrato de traballo ou a redución temporal da xornada de traballo a que se refire o artigo 47 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, considerándose o dito período como efectivamente cotizado polo traballador para todos os efectos.

2. A exención a que se refire este artigo será incompatible co gozo simultáneo de calquera outra exención no pagamento da achega empresarial á cotización á Seguridade Social ou por conceptos de recadación conxunta.

En consecuencia, de recoñecerse esta exención, aplicarase durante o período que corresponda ata a súa finalización, e retomarse a partir de entón, se é o caso, aquela a que tivese dereito a empresa, sen que a duración máxima e o resto de condicións de aplicación desta última se modifiquen pola aplicación da exención prevista nesta orde.

3. A exención regulada neste artigo será por conta dos orzamentos da Seguridade Social, das mutuas colaboradoras coa Seguridade Social, do Servizo Público de Emprego Estatal e do Fondo de Garantía Salarial, respecto das achegas que financien as prestacións cubertas por cada un deles.

Artigo 3. *Moratoria no pagamento de cotas.*

1. A moratoria no pagamento de cotas prevista no artigo 24.2.b) da Lei 17/2015, do 9 de xullo, cuxa aplicación se recolle no punto décimo do Acordo do Consello de Ministros do 19 xaneiro, respecto de 2021 ás comunidades autónomas declaradas como zonas afectadas gravemente por unha emerxencia de protección civil como consecuencia da borrasca «Filomena», e cuxa concesión corresponde á Tesouraría Xeral da Seguridade Social, será dun ano sen xuro e comprenderá as achegas empresariais á cotización á Seguridade Social e as cotas dos traballadores por conta propia ou autónomos, en ambos os casos, tanto por continxencias comúns como por continxencias profesionais, así como as cotas por cesamento de actividade e por conceptos de recadación conxunta, correspondentes a tres meses naturais consecutivos, contados desde o anterior á produción do sinistro ou, no caso de traballadores incluídos no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, desde o mes en que aquel se produciu.

2. O prazo dun ano das moratorias concedidas computarase a partir do día do inicio do prazo regulamentario de ingreso das cotas de que se trate.

3. A moratoria a que se refire este artigo non será de aplicación ás empresas e aos traballadores por conta propia que, durante o seu período de aplicación, se atopen gozando de calquera tipo de exención no pagamento da achega empresarial á cotización á Seguridade Social ou por conceptos de recadación conxunta, no caso de empresas, e no pagamento da cotización por continxencias comúns, por continxencias profesionais, por cesamento de actividade ou por formación profesional, no caso de traballadores autónomos.

Artigo 4. *Presentación de solicitudes.*

1. As solicitudes de exención e moratoria no pagamento de cotas a que se refire esta orde poderán formularse ata o último día do mes seguinte ao da publicación desta orde no «Boletín Oficial del Estado», e deberán presentarse na sede electrónica da Secretaría de Estado da Seguridade Social e Pensións.

2. As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) Para a exención no pagamento de cotas, da resolución da autoridade laboral ditada no procedemento seguido para o efecto, en que se constate a existencia de forza maior como causa directa dos danos producidos e da perda de actividade nos establecementos a que se refire o artigo 24.2.b) da Lei 17/2015, do 9 de de xullo, como

consecuencia da tormenta de neve xerada pola borrasca «Filomena» e a posterior onda de frío, así como da documentación correspondente á decisión da empresa sobre a suspensión dos contratos de traballo ou a redución temporal da xornada de traballo, conforme a dita resolución da autoridade laboral.

b) Para a moratoria no pagamento de cotas, da documentación acreditativa de danos sufridos ou da perda de actividade deles derivada, expedida para ese efecto polo respectivo concello, polo órgano autonómico competente ou polo delegado do Goberno na comunidade autónoma, en que se acrediten os danos ou perda de actividade e a localización das empresas ou explotacións afectadas ou o lugar en que se desempeñe a actividade.

Para os mesmos efectos, tamén se poderá achegar resolución favorable da autoridade laboral no procedemento de constatación de forza maior, regulado no artigo 51.7 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores; así mesmo, poderase achegar, se a houber, resolución ou comunicación do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ou da Entidade Estatal de Seguros Agrarios en que conste a condición de beneficiario de axudas ou de indemnizacións do seguro agrario percibidas como consecuencia dos danos causados pola tormenta de neve xerada pola borrasca «Filomena» e a posterior onda de frío nos municipios das comunidades autónomas a que se refire o artigo 1 desta orde.

No suposto de empresas, a documentación antes indicada terá carácter individualizado para cada unha delas.

Artigo 5. *Resolución das solicitudes.*

1. A concesión ou denegación da exención e da moratoria a que se refire esta orde será acordada polos directores das administracións da Seguridade Social correspondentes ás provincias afectadas pola emerxencia de protección civil.

2. A resolución deberá ditarse e notificarse dentro dos tres meses seguintes á data en que se presente a solicitude na sede electrónica da Secretaría de Estado da Seguridade Social e Pensións.

Transcorrido o dito prazo sen que se notifique a resolución, a solicitude poderase entender desestimada por silencio administrativo, de conformidade co establecido no artigo 129.3 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

3. A resolución non poñerá fin á vía administrativa e poderá impugnarse na forma, prazos e demais condicións establecidos no capítulo II do título V da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 6. *Cumprimento de obrigacións en materia de liquidación de cotas.*

A presentación das solicitudes de exención ou moratoria non eximirá do cumprimento das obrigacións en materia de liquidación de cotas establecidas no artigo 29 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social e na súa normativa de desenvolvemento, en función do sistema de liquidación que resulte aplicable e respecto das liquidacións afectadas polas ditas solicitudes.

A falta de cumprimento das ditas obrigacións será causa de denegación da solicitude efectuada. No caso de que o incumprimento se produza unha vez concedida a exención ou a moratoria, esta quedará sen efecto desde o vencemento do prazo fixado para o dito cumprimento.

Artigo 7. *Devolución de cotas xa ingresadas.*

1. As cotas xa ingresadas que sexan obxecto da exención ou da moratoria a que se refire esta orde, incluídos, se é o caso, unicamente as recargas, xuros de demora e custas que se satisfixesen, serán devoltas por petición dos interesados, formulada xunto coa solicitude de concesión daquelas ou con posterioridade, pero dentro do prazo establecido

no artigo 4.1, e deberán acompañarse para ese efecto os documentos acreditativos do seu pagamento.

Se no prazo sinalado non se solicita a devolución das ditas cotas, entenderase que se renuncia ao período de exención ou moratoria a que estas se refiran, sen que poida xa solicitarse unha vez expirado o prazo.

2. Se o que ten dereito á devolución é debedor da Seguridade Social por cotas correspondentes a outros períodos ou por outros recursos do sistema, o crédito pola devolución será aplicado ao pagamento das débedas pendentes con aquela na forma que legalmente proceda, sen prexuízo do seu dereito para solicitar o aprazamento de todas as cotas pendentes que, deste xeito, non sexan compensadas, nos termos do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño.

3. As cotas cuxa devolución se regula neste artigo non teñen a consideración de ingreso indebido, para os efectos previstos no artigo 26 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social e nas súas normas de aplicación e desenvolvemento.

Disposición adicional única. *Aplicación a socios traballadores e de traballo de cooperativas.*

Nas referencias feitas por esta orde aos traballadores por conta allea e aos traballadores por conta propia ou autónomos entenderanse incluídos, respectivamente, os socios traballadores e de traballo das cooperativas encadrados como traballadores por conta allea e os socios traballadores das cooperativas encadrados como traballadores por conta propia, no respectivo réxime da Seguridade Social.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.17.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de réxime económico da Seguridade Social.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 24 de xuño de 2021.–O ministro de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, José Luis Escrivá Belmonte.